

**ANTES QUE A MEMORIA ESQUEZA**

# **O BARRO E AS TELLEIRAS**



**I.E.S. FRANCISCO ASOREY**

**ANTES QUE A MEMORIA ESQUEZA**  
**O BARRO E AS TELLEIRAS**

**I.E.S. FRANCISCO ASOREY**

EDITA: I.E.S. Francisco Asorey  
Equipo de Normalización Lingüística.  
MONTAXE E FOTOGRAFÍA: Adela Leiro Lois.  
TEXTOS: Adela Leiro Lois, Isaac Pontanilla, Pérez,  
Víctor M. Caamaño Rivas.  
DEBUXOS: Mon  
PARTICIPARON TAMÉN NO NO TRABALLO:  
Aldara García Ibáñez (1º ESO)  
Laura A. Santos Vieites (3º ESO)  
Marta Gago Lorenzo (3º ESO)  
Silvia García González (3º ESO)  
I.S.B.N: 978-84-691-3367-5  
DEPÓSITO LEGAL: PO-293-2008  
IMPRIME: Imprenta Fidalgo, S.L. Cambados.

Con este traballo queremos recoller e dar a coñecer parte do material e da información que se foi recollendo, primeiro no Colexio Público de Castrelo e máis tarde no Instituto Francisco Asorey por parte do profesorado e alumnado mediante entrevistas, visitas, traballo de campo e investigacións.

Queda xa pouca xente que recorde como eran as telleiras e menos aínda persoas que tivesen traballado nelas, por iso, antes de que a memoria esqueza, queremos deixar testemuña de como era ese duro traballo, como homenaxe aos homes e mulleres que durante anos mantiveron unha tradición e un bo facer creando unha tecnoloxía e cultura propias. Queremos rescatar para a memoria as imaxes xa perdidas que algúns tivemos a sorte de vivir en directo e compartilas con todas aquelas persoas que estean interesadas en coñecer un pequeno e entrañable anaco da nosa historia recente.

Pero tamén queremos que as novas xeracións, criadas nunha sociedade cómoda e de benestar, coñezan a forma de traballar dos seus antergos, tempos nos que os rapaces e rapazas deixaban cedo a escola para ir traballar e nos que moi poucos tiñan ocasión de estudar.

Adicámosllelo a todas as persoas que nos axudaron, pero moi especialmente a:

**Manuel González**, do Couto (Castrelo) que nos abriu a telleira e fixo as últimas tellas de Castrelo no ano 1982.

**Juan Varela Noya**, do Santo (Sanxenxo), que nos permitiu ver traballar e facer unha reportaxe sobre a última telleira que traballou no Salnés, e posiblemente tamén en Galicia.

**Ramón Lorenzo**, do Couto de Abaixo (Castrelo) e **Daniel González**, que fixeron unha demostración no instituto, no outono do ano 2000.

# A ARXILA

O termo arxila, entre outras acepcións, fai referencia ás partículas sedimentarias dun tamaño inferior a 2 micras presentes na maior parte dos solos e sedimentos e, por extensión, ás rochas sedimentarias formadas pola consolidación destas partículas.

Mineraloxicamente, están constituídas maioritariamente por silicatos, concretamente do grupo dos filosilicatos, minerais que se caracterizan por teren unha estrutura laminar, que tén a súa máxima expresión nas micas.

As arxilas proceden fundamentalmente da meteorización de rochas plutónicas e metamórficas de tipo ácido, abundantemente representadas na comarca do Salnés, en especial o granito.

O proceso de alteración dos granitos é unha suma de fenómenos mecánicos e químicos. Os primeiros producen a fragmentación, por diversas causas, de grandes moles graníticas en bloques a través dun sistema de fracturas chamadas diáclases, máis ou menos perpendiculares, que favorecen a entrada e circulación de auga da choiva a través delas, esta vai a interactuar quimicamente cos minerais presentes no granito, principalmente cos feldespatos e as micas, rompendo enlaces mediante reaccións de hidrólise. Deste xeito, no granito altéranse os feldespatos e as micas converténdose en arxilas, en tanto que o cuarzo permanece intacto, do que resulta unha rocha descomposta e solta da que se desprenden grans de area de cuarzo, e arxilas entre eles, que son arrastrados por correntes superficiais de auga ata depósitos en zonas topograficamente máis baixas. A este tipo de alteración dos granitos, propia de zonas temperadas como a nosa, denomináselle areización.



Xacemento de arxila



Granito en fase de descomposición



Candoa arxila absorbe auga convértese nunha pasta de moita plasticidade que se pode modelar sen roturas.

Existen múltiples tipos de arxila, dependendo fundamentalmente da súa composición mineralóxica, con diferentes propiedades e, polo tanto, con diferentes usos.

### Arxilas comúns:

Están formadas por dous ou máis minerais arxilosos distintos mesturados con outros minerais de natureza diferente ás arxilas, que poden conferirle unha cor característica, por exemplo, as arxilas vermellas deben a súa a presenza de cantidades variables de óxidos e hidróxidos de ferro, e as arxilas negras normalmente inclúen algunha proporción de materia orgánica. Son empregadas para a fabricación de materiais de construción, como tellas ou ladrillos, e na produción de cemento. Pola súa abundancia son tamén a materia prima utilizada na cerámica tradicional. De feito os xacementos de arxilas no Salnés estarían formados principalmente por este tipo de arxilas, que foron empregadas tradicionalmente na fabricación das tellas e actualmente noutros materiais de construción.

### Arxilas caoliníferas:

Constituídas fundamentalmente por caolinita. Canto maior sexa a proporción deste mineral menor é a súa plasticidade e aumenta o seu punto de fusión. É a materia prima fundamental para a fabricación de porcelana (a partir de arxilas de caolinita de alta pureza), louza e gres, pero debido a súa resistencia á temperatura tamén é empregada para a obtención de materiais refractarios e anti térmicos, incluso en pezas de motores e outros tipos de maquinaria, e tamén na elaboración de papeis estucados.

### Arxilas especiais:

Dentro deste grupo heteroxéneo podemos incluír unha gran variedade de arxilas de propiedades e usos diversos. Sen entrar en detalles sobre a súa composición comentar que hai arxilas empregadas para usos cosméticos e terapéuticos, como absorbentes de auga ou graxas, espesantes alimentarios, impermeabilizantes, clarificantes de bebidas fermentadas, excipientes alimentarios e farmacéuticos, e outras moitas aplicacións que sería moi longo enumerar.



## A ARXILA EN GALICIA

En Galicia consérvanse abundantes depósitos de arxilas do Terciario e Cuaternario, sobre todo nas áreas graníticas.


Na nosa zona a arxila é un material que se atopa por todas partes. Os xacementos máis importantes son os de Vilalonga que foron a base da industria das telleiras e das actuais fábricas de cerámica.

- Xacementos de arxila
- xacementos de caolín
- industrias cerámicas
- aldeas de oleiros

Unha das propiedades máis notables das arxilas e a súa plasticidade cando se mestura con auga, o que coñecemos como barro, o que permite moldeala ou torneala para que adopte calquera forma, e cando é sometida a temperaturas superiores a 800 °C endurecese. Esta propiedade xa foi apreciada polo ser humano desde moi antigo, de xeito que en practicamente todas as civilizacións aparecen obxectos de

### ALGUNHAS APLICACIÓNS DA ARXILA

- Fabricación de elementos de construción: adobes, ladrillos, tellas, baldosas, tubos ...
- Cerámica utilitaria e decorativa
- Fabricación de cementos
- Desengraxado de tecidos
- Decoloración de graxas e aceites
- Refinado do petróleo
- Usos medicinais e cosméticos.



## TIPO DE PRODUTOS CERÁMICOS

### PRODUTOS CERÁMICOS POROSOS:

Teñen fractura térrea e a súa pasta é permeable aos gases, líquidos e graxas.

#### Alfarería corrente

Recipientes de barro cocido con baño brillante e transparente de verniz.



Obxectos de **pasta permeable branca e fina** cocidos a alta temperatura e recubertos de barniz vitrificante transparente (louza).

**Productos refractarios:** capaces de resistir elevadas temperaturas e soportar variacións térmicas bruscas



### PRODUTOS CERÁMICOS IMPERMEABLES:

A pasta rebrandece e vitrifica a alta temperatura (por enriba dos 1.100 °C)

**Gres:** material compacto. Úsase para tubos de canalización, baldosas, enseres domésticos, alfarería...



**Porcelanas:** de pasta dura, branca e translúcida (feitas principalmente a base de caolín).



**Porcelanas tenras:** a pasta prepárase por medio de fundentes artificiais, con cuberta de verniz.

**Porcelanas duras:** conteñen, en diferentes proporcións, sílice, alúmina, óxido de ferro, cal, magnesio, potasa e sosa. Soportan perfectamente temperaturas elevadas.



### PORCELANAS SANITARIAS:

Teñen características do gres e a porcelana. Poderían considerarse polo seu aspecto e o xeito de cocción como productos intermedios entre a louza fina e a porcelana. A súa pasta é á vez porosa e translúcida. Utilízanse para elementos sanitarios como fregadeiros, lavabos, retretes...



# EVOLUCIÓN HISTÓRICA

Nun comezo a arxila foi utilizada para realizar figuriñas de animais sen cocer desde hai máis de 9.000 anos, e en adobes para construír casas.

As primeiras pezas cerámicas cocidas aparecen no Próximo Oriente nos inicios do Neolítico.

Os chineses fabricaban porcelana hai 3.000 anos e os árabes transmitiron as técnicas a Occidente a través de España. Os alemáns descubriron o procedemento para fabricar porcelanas duras no século XVIII.

Desde tempos remotos a arxila usouse en Galicia para realizar obxectos útiles e artísticos como nos amosan os restos de cerámica atopados nos castros de todo o país e os abundantes restos da época romana.

Os obradoiros artesanais de oleiros e telleiros abundaban por todas as comarcas onde a arxila aparecía de forma natural.

Na primeira metade do século XX as telleiras foron sendo substituídas polas fábricas con procesos mecanizados.

A primeira fábrica de louza de Galicia foi a de Sargadelos, que traballou desde 1804 a 1875. En 1970 foi restaurada a partir dun proxecto de Isaac Díaz Pardo que creou, xunto con artistas da época, o Laboratorio de Formas de Galicia.

En 1900 fundouse en Salcidos (A Guarda) a Cerámica Lomba que elaboraba cerámica popular e obxectos artísticos.

En 1922 fúndose en Vigo a cerámica Álvarez, que chegou a ser unha das máis importantes do Estado con fábricas en Cabral (Vigo) e Pontesampaio. Despois de diversas crises pechou en 2001.

En 1926 creouse en Pontecesures a cerámica Celta que traballou con deseños de artistas como Asorey, Maside ou Castelao.

En 1949 fúndase en Sada a Cerámica o Castro.


Actualmente contamos con modernas industrias que elaboran elementos de construción, louza e produtos artísticos e n varias localidades seguen a traballar artesáns tradicionais e numerosos obradoiros de novos creadores



Bisontes de arxila sobre rochas. Paleolítico. Le Tuc d'Audoubert (Arriégue-Francia)




Cerámica do castro de San Cibrán (Cobas-Meaño)



Forno de porcelana na antiga China.



O torno de alfareiro utilizouse por primeira vez en Exipto hai uns 5.000 anos, e de alí pasou a Mesopotamia e Creta. Máis tarde a Grecia e toda Europa occidental.



Fornos da desaparecida Cerámica Arousana, en Vilalonga, hoxe convertida en museo.

# AS TELLEIRAS


Eran instalacións adicadas á elaboración de tellas, ladrillos e outros elementos de construción a base de arxila. O nome aplicábase tanto ao edificio como ao conxunto da instalación.

As intalacións dunha telleira estaban formadas polo edificio da propia telleira, da que o núcleo era o forno, a eira, as pías e as casetas.

As telleiras situadas na beiramar contaban tamén con embarcadoiros.



## PARTES DUNHA TELLEIRA



## O FORNO

Era o elemento central da telleira.

Xeralmente de forma prismática ou tronco-piramidal de planta cadrada ou rectangular, de 6 a 8 m de lado e uns 7 m de altura, das que unha parte estaba soterrada. As paredes exteriores eran de pedra, máis grosas na base e máis estreitas na parte superior, entre 130 e 80 cm, co interior recuberto de material refractario: ladrillo ou tella mesturada con barro, a **vestidura**.


O forno estaba dividido en dúas partes:

**-CALDEIRA** ou **CÁMARA DE COMBUSTIÓN**:

de 1,5 m de altura, situada por baixo do nivel do chan, cunha boca de pequenas dimensións (40-50 cm de lado), pola que se alimentaba e se retiraba a borrarra.

O interior da caldeira estaba formado por unha estrutura de arcos (**arcación**) apoiados no centro nunha parede mestra ou trabe (o **potro**), e sobre eles unha serie de vigas menores formando a **rede** ou **criba**.


**-FORNO** ou **CÁMARA DE COCCIÓN**: de ata 6 m de altura, separado da caldeira pola rede e comunicado co exterior por dúas portas de aproximadamente 80 cm de ancho e da altura do propio forno, situadas unha fronte á outra ou en ángulo. A **porta de encañar** empregábase para cargar o forno e comunicaba co interior do pallette. A de desencañar estaba sempre pechada con ladrillo e abríase só para descargar o forno despois da cocción.



Estrutura da caldeira




Interior do forno e rede.



Boca da caldeira



Detalle da vestidura interior do forno.



A vestidura podía manter no interior a mesma forma do forno ou ir tomando forma cilíndrica ou cónica para sustentar unha cúpula ou rematar na cheminea.

O remate dos fornos podía estar pechado cunha cúpula ou unha cheminea, nas que se practicaban uns "ventanucos" para vixiar a cocción; ou estar cubertas cun tellado móbil, feito cunha estrutura de madeira e tellas, que se desmontaba no momento da cocción, ou un tellado fixo elevado sobre uns esteos de pedra.

As telleiras de cuberta en cúpula levaban un tiro subterráneo conectado a unha cheminea situada a unha certa distancia.



Forno cuberto con cúpula.



Forno con tellado móbil



Forno cuberto con cheminea

Na parte alta do forno poñíanse unhas pedras máis anchas que permitían andar por enriba para controlar o traballo. Ás veces construíanselle arredor unhas barandas de protección.



Portas do forno



## O PALLETE ou CUBERTO


Era unha estrutura, formada por esteos de pedra e traves de madeira cuberta de tellas, que se apoiaba nas paredes do forno e rodeábao por dúas ou tres caras. Podía ter forma semicircular ou rectangular e estar aberto ou pechado por paredes de ladrillo, pedra, ou polos propios materiais asentados.

A función do pallete era almacenar materiais e ferramentas.



## A LEÑEIRA

Construción apegada á cara do forno na parte onde se atopa a boca da caldeira. Servía para almacenar o material de combustión e de habitación para a persoa que controlaba a alimentación do forno.



## ESPAZOS E CONSTRUCIÓNS AUXILIARES

A **EIRA** era un espazo chan que rodeaba a telleira onde se realizaban os diferentes traballos e se secaba o material. O piso debía estar liso e duro para que non se deformasen as pezas. Para iso nivelábase ben botándolle capas de barro pisado con auga. Nalgúns casos empedrábase.

Estaba dividida en dúas partes: a **eira**, propiamente dita, onde se realizaban os traballos, e a **praza**, lugar onde se almacenaba a leña.



**AS PÍAS** eran escavacións circulares de 3 a 6 m de diámetro e de 50 a 70 cm de fondo, rodeadas de pedra, nas que se amolecía e amasaba o barro. Xeralmente había dúas para dispor sempre de barro amasado.




**AS CASETAS OU CHABOLAS** eran construcións situadas nun extremo da eira nas que vivían os traballadores durante a tempada de traballo.



Familia González na telleira de Daniel, no Facho, arredor de 1960.



Nas telleiras que estaban na beiramar, como as do Salnés, construíanse **EMBARCADOIROS** para que puidesen atracar os barcos que transportaban o material. Como eran zonas de pouco calado escavábanse canles para facilitar o atraque dos barcos.



# O TRABALLO

## EXTRACCIÓN DO BARRO

Podían facelo os propios telleiros antes de comezar a tempada de traballo ou mercarlllo ás persoas que se adicaban á súa extracción. As barreiras eran de propiedade particular ou comunais.


Os pañóns ou lingotes do barro arrancábanse con eixadas e picochas e transportábanse en tinas, á cabeza, en carretas ou en carros.

Na enseada do Umia o barro extraíase ademais do fondo do mar aproveitando as secas. Ás veces traballábase mesmo con auga, rodeando o espazo de traballo cunha caixonada, e facíase o transporte en lanchas.



Mulleres carrexando barro nunha barreira de Vilalonga.

Nunha seca un equipo de homes podía facer pozos de ata seis m de fondo e sacar de 10 a 15 toneladas de barro.



# O TRABALLO NA TELLEIRA

Os traballadores da telleira estaban organizados nunha CUADRILLA formada por un mínimo de cinco persoas na que cada unha tiña a súa función:

-OFICIAL: responsable da elaboración das pezas.

-PIEIRO ou AMASADOR: encargado de amasar o barro na pía.

-CARRETILLEIRO: encargado de levar o barro da pía ao oficial e de transportar o material da eira para o palletes nas carretas.

-TENDEDORES: levaba as pezas desde o banco ou máquina ata a eira para polas a secar. Xeralmente eran rapaces novos porque tiñan que moverse moito e ter axilidade.

-COCEDOR: encargado de manter o forno e vixiar a cocedura do material.

-SERVICIEIROS ou ASENTADORES: axudaban en tarefas diversas: acarrexar material, encañar e desencañar o forno...

Algúns oficios eran fixos, como os dos oficiais, tendedores (igual número dos dous) e pieiro. Outros cambiaban segundo as necesidades.

A tempada de traballo na telleira duraba de abril a outubro, segundo o permitise o tempo, dado que a maioría dos traballos se facían ao descuberto e precisábase tempo bo para secar as pezas.

Mentres duraba a tempada, a cuadrilla facía a vida nas casetas e só ían ás casas en contadas ocasións. Ás veces traballaban tamén mulleres pero pasaban a noite nas súas casas.

As casetas contaban con todo o imprescindible: forno para cocer o pan, lareira para cociñar, tarimbas para os xergóns e cortes para os animais.



Cuadrilla dunha telleira formada por dous oficiais, dous tendedores, un pieiro (co cabalo) e un servicieiro.



Traballando nas telleiras da Catoira.



Traballando nas telleiras do Facho (Castrelo-Cambados)



## PREPARACIÓN DO BARRO:

O barro amoreado na eira dividíase en pequenas partes coas eixadas ou dándolle golpes cun macico. Logo botábase nas pías e engadíase auga para amolecelo coa axuda do cabazo. O pieiro, só, ou coa axuda dun cabalo, sobaba o barro ata que collese liga. Ás veces o barro peneirábase previamente para sacarlle os cardenís (pedras pequenas ou seixos) que levaba polo medio. Na década de 1950 introducíronse as primeiras máquinas para moer o barro.

Unha vez amasado o barro o carretilleiro leváboo ao pé da zona de traballo e alí amasábase de novo cun sable ou ferro acoitelándoo ou chaviándoo ata que quedaba ciscado. Logo volvía a amorearse e repetíase o traballo varias veces ata que quedase uniforme e ben ligado. Este proceso coñecía-se co nome de MUDADA.




Pieiro nunha telleira de Castelo.



Chaviando co sable para facer a mudada.



Barro preparado despois de feita a mudada.



## ELABORACIÓN DE TELLA Á MAN


Estendíase po (terra miúda, seca e peneirada) sobre o banco, enchíase a gradilla con barro, pasábase o raseiro e bruñíase co baño (mestura moi fluída de barro moi fino e auga). Logo pasábase ao formal, para darlle a forma curva, e tendíase a secar na eira.



Enchendo a gradiña.



Raseirando






Para tender a tella había que alisar antes a eira cun rodo.



O tendido da tella era un proceso delicado, da súa correcta execución dependía que a tella mantivese a súa forma sen afundirse.

O tendedor recibía a tella do oficial no formal e presentábaa na eira pasándolle a man por enriba seguindo unha rutina: a “man de dentro”, “man do lombo” e “man de fóra” para axustarlle a forma. Logo, levantaba lixeiramente o formal e dáballo co revés da man os informes “de fora”, “de dentro” e “clave”, para asentala ben na eira.



Sei cantar e sei bailar  
todo se me dá na man,  
menos o de facer tellas  
que se me aplastan no chan.


Cantiga popular recollida en Castrelo.

## ELABORACIÓN DE TELLA CON MÁQUINA

Despois de amasar o barro na pía introdúcese no depósito da amasadora, desde onde é empurrado por un parafuso sen fin ata a boquilla por onde sae de forma contínua sobre un carro con rolos e vaise cortando pola parte de abaixo cun arame colocado á saída da boquilla, e de través cun dispositivo que se manexa manualmente.

A parte de arriba da masa (de forma curva) recóllese co formal e pásase pola rebarbadora para darlle a forma definitiva á tella. Os restos de cortar a barra (a parte de abaixo) e da rebarbadora vólvense a meter na amasadora.

O resto do proceso é igual que para a tella feita á man: trasládase á eira (de unha en unha, ou nunha carretilla especial), téndense e déixanse secar.





Tendendo tella de máquina na telleira de Dena.



Carretas de tella preparada para cocer.

## TELLAS FEITAS Á MAN

Canaleta: duns 50 cm de lonxitude, a máis común para tellar. Tamén se facía hai moitos anos unha máis pequena.




Cume ou canal: máis ancha, para remates nos cumios dos tellados.



### PARTES DUNHA TELLA

- 1-Frenteira ou frentaleira
- 2-Boquilla
- 3-Clave ou lombo
- 4-Varilla
- 5-Gabilán



O xeito de pasar a man pola tella ao bruñila deixaba unhas marcas que servía para identificalas. Xeralmente cada oficial recoñecía as súas.

## ELABORACIÓN DE LADRILLOS E BALDOSAS

Éncháñanse os marcos correspondentes co barro previamente amasado e tendíanse a secar na eira. Para separalos do marco o tendedor usaba unha lesna ou agulla.

Os ladrillos macizos facíanse con barro de peor calidade ou aproveitando restos e tellas que se estropeaban. Presionábanse co plantillón cando estaban abelanados (medio secos), para compactalos.

### TIPOS DE LADRILLOS:

Ladrillos macizos:

Chamote ou recto: é o modelo máis antigo e sinxelo. De 25 a 30 cm de longo, 15 a 18 cm de ancho e 3 cm de grosor.

De volta: usábase para facer fornos e chemineas.

De duela, arco ou cuña: usábase para facer arcos.

Ladrillos con buratos:

Nove ou borgoña: con tres buratos (6 a 7 cm de grosor).

Servís ou rasilla, con tres buratos e máis fino (3 cm de grosor).

Ladrillos de piorno: pezas máis longas e grosas con riscos ou buratos en cuña de distintas formas e tamaños.



# O TRABALLO NO FORNO

Cando había suficiente material para cocer preparábase o forno. Primeiro dábaselle ao interior da caldeira unha capa de "salón" (barro con area e auga) para protexela do lume e logo enchíase coas pezas (encañábase).

Encañar era un proceso delicado que había que facer con coidado e moita habilidade, porque as pezas crúas son moi fráxiles.

Primeiro colocábase por riba da rede unha fileira de ladrillos de canto deixando ocos entre eles ("dagha de cribo") e despois, tamén con ladrillos, facíase a cruz dividindo o forno en catro cuarteiróns. Se non había ladrillo podíase facer tamén con tella.

Aa tellas levábanse ao forno en brazadas de 6 a 8. O encañador asentábaas no forno, descalzo, para non rompelas, e enchendo os cuarteiróns alternando brazados de boquilla e de frenteira para que as fileiras quedasen ben completas. Outro home, o enganchador, ía pondo entre as tellas anacos de tella cocida a xeito de cuñas.

A medida que se encañaba íase tapando a porta do forno con ladrillo cocido e, ao rematar, botábase por riba das pezas unha capa de salón (terra do fondo da caldeira e barro seco) e anacos de tellas. Despois prendíase lume na caldeira usando como combustible leña e, máis raramente, faíscas de piñeiro ou serraduras.




O proceso de cocción duraba de 6 a 8 días.



Comezaba con lume moi frouxo, para desudar o material (retirarlle a humidade), durante dous ou tres días. Logo facíase lume vivo para que o forno entrase en calda. Despois o cocedor comprobaba a mingua do material, con referencia á boca do forno e cando acadaba o nivel desexado, dábaselle a templa, mantendo a temperatura no máximo durante un tempo, e despois facíase a baixa, diminuindo pouco a pouco a calor ata deixar arrefriar, para evitar a contracción violenta do material.

O cocedor vixiaba a cocción a través dos ventanucos ou observando o estado da capa superior. Para controlar a temperatura empurraba a leña á zona desexada da caldeira coa axuda da forcada e abría ou pechaba os tiros.

Despois de arrefriar durante uns días desencañábase. Abríase a porta do forno e íase pasando o material en brazadas duns a outros en fileira. As pezas cocidas almacenábanse no pallete ou na eira á espera de vendelas.



Desencañando o forno nunha fornada de tella.



Unha fornada levaba de 30.000 a 50.000 tellas, segundo a capacidade do forno, dispostas en nove fileiras ou "daghas"; e 10.000 ladrillos. Para elaborar o material para unha fornada había que traballar aproximadamente quince días.



## TODAS AS PEZAS SON DIFERENTES



Cheminea da telleira de Dena: ladrillos de cuña.

Cando se traballaba á man ás veces marcábanse as pezas para identificar a procedencia, a tanda ou o oficial que a fixera. Nas tellas coñecíase polas marcas dos dedos ou da man ao bruñilas ou tendelas. Nos ladrillos era frecuente facer sinais (letras, marcas, anagramas) que se facía co pateador. Nas construcións antigas aínda se poden ver paredes feitas con ladrillos da mesma marca.



Parede con ladrillos marcados.

Baldosa  
con iniciais



Dous tipos de  
ladrillos de  
piorno.



# A VIDA NA TELLEIRA

O traballo na telleira estaba condicionado polo tempo e as horas de luz. En función diso facíase a tempada ou “vrañada”, que duraba desde o final da primavera ao comezo do outono.

A xornada de traballo era de sol a sol. Erguíanse ao raiar o día e deixaban o traballo co sol metido. Comezaban co almorzo (o caldo) e xa á faena. Os carreiros repartían o barro, facíanse as mudadas e preparábanse os bancos. Logo todo o día facendo tella ou ladrillo, cunha breve interrupción para xantar ao mediodía, na forza do sol.

Xa co sol baixo embrazadábase (collíase en brazados) a tella e levábase ao pallete, deixando a eira despexada para o día seguinte. Ao remate da xornada ceábase e había algo de tempo para as bromas e os pitos. Algúns aproveitaban para dar uns lances e pescar algo para variar a dieta. Os que tiñan a casa preto ían pasar a noite. Os demais durmían nos xergóns de palla sobre as tarimbas de madeira das casetas.

A telleira podía ser de propiedade ou arrendada. O amo ou xefe formaba a súa propia cuadrilla e el era xeralmente o que facía os labores de oficial e cocedor. Ás veces non cocía e sô se contrataban para elaborar pezas.

Un oficial experto podía facer nunha xornada ata 3.000 ladrillos de buratos (os máis traballosos), de 2.500 a 3.000 tellas.

Nunha tempada de traballo podíanse cocer de catro a nove fornadas por telleira, dependendo do número de traballadores e dos encargos.

O ladrillo que máis se facía nas telleiras era o macizo ou chamote, o de buratos comezouse a facer hai uns cen anos.

Nos últimos anos as telleiras xa case non facían ladrillo pola competencia das fábricas, pero seguiron facendo tella, que era moi apreciada.

Noutras zonas de Galicia, como o Rosal, os telleiras formaban cuadrillas para ir traballar fóra a outras telleiras por Galicia, Portugal e outras partes de España.

A dureza do traballo da telleira fixo moi común entre as súas xentes o dito “comen o pan que amasou o demo”, en referencia ao traballo que custaba gañalo.



Cuadrilla en Catoira.



Cuadrilla no Facho (Castrelo)




O transporte do material das telleiras facíase en barcos de vela, as lanchas- de 20 a 30 toneladas. Xeralmente eran propiedade dos mesmos telleiros. Viaxaban pola ría de Arousa e transportaban barra, leña, serraduras e produtos elaborados para os compradores.

# PROCESOS INDUSTRIAIS

Nas modernas fábricas de cerámica a maioría dos procesos están mecanizados e ademais do labor de produción realízanse traballos de investigación e control de calidade.

As fábricas de elementos para construción usan principalmente arxila e elaboran distintos produtos porosos e refractarios: ladrillos, tellas, tuberías, pezas para placas e celosías, material para pisos e alicatados, elementos decorativos...

No Salnés houbo numerosas fábricas que foron pouco a pouco ocupando o lugar das telleiras. Nos últimos tempos foron pechando moitas e só funciona unha en Vilalonga, na Arnosa que segue a explotar o xacemento de arxilas da zona.



Imaxe antiga dunha fábrica en Vilalonga



## PROCESO INDUSTRIAL



Muíño e amadoras



Ladrillos saíndo das galleteiras



Secadeiro



Forno contínuo




Produtos cocidos



# AS TELLEIRAS DO SALNÉS

No Salnés, sobre todo na costa, houbo un gran número de telleiras, concentradas especialmente na área da enseada do Umia-O Grove, desde A Toxa ata a punta de Correlo, pola abundancia de materia prima da que dispoñían.

Nesta área hai contabilizadas arredor de trinta telleiras, a maioría desaparecidas e algunhas das que se conservan restos en diferente estado.



# AS TELLEIRAS DE CASTRELO-CAMBADOS

Temos referencias de catorce telleiras: unha en Correlo, catro no Facho, tres no Bico da Ran e cinco no Couto de Abaixo. Na actualidade só se conservan os fornos de algunhas.



Telleiras do Facho.  
Imaxe de 1982.

## 1-TELLEIRA DE CORRELO

Estaba preto da punta de Correlo. Desapareceu hai moitos anos e case non hai referencias. Só se aprecian os muros do embarcadiro.

## 2-TELLEIRA DE MARTÍNEZ

Situada en Pontellas, ao remate da estrada do Facho. Foi construída por José Martínez Padín en 1915. Deixou de traballar en 1964 e pouco despois desfíxose.



Imaxe da telleira de Martínez. Década de 1950

### 3-TELLEIRA DE VIEITES

No Facho. Propiedade de Constante Vieites. Deixou de traballar arredor de 1.971. O forno tiña cuberta en cúpula de ladrillo e o pallette, de grandes dimensións, era rectangular e estaba rematado en semicírculo na zona que mira ao mar. A 27 m de distancia do forno estaba a cheminea de 17 m de altura, que aínda se conserva.



1982




1987




1987



2008



alzado norte



planta



#### 4-TELLEIRA DE ADOLFINA CAMIÑA

No Facho, próxima ás anteriores. Construída hái máis de 130 anos. Era propiedade de Adolfina Camiña e deixou de traballar en 1974. Tiña un pallette semicircular e cuberta de tellado móbil. Na actualidade só se conserva o forno.




1985



1992



2008



planta



alzado oeste



alzado norte

## 5-TELLEIRA DE MANUEL GONZÁLEZ

No Facho, próxima ás anteriores. Propiedade de Manuel González, do Couto de Arriba, que traballou nela ata 1983. Tiña un forno con cuberta móbil e pallete semicircular. A carón do mar fiña dúas pías, un cuberto para a máquina e un embarcadoiro. Na actualidade só se conserva o forno.



1984




1992



2008



alzado leste



planta

## 6-TELLEIRA DOS LORENZO

Na punta de Bico da Ran. Propiedade dos Irmáns Xosé e Santiago Lorenzo, do Couto de Abaixo. Mandouna facer o bisavó dos propietarios e deixou de traballar arredor de 1972. Tiña cuberta de tellado móbil e pallete semicircular. Na actualidade consérvanse restos do forno e do embarcadoiro.




1953



1983



2008



## 7-TELLEIRA DE RIAL

Situada en Bico da Ran, a continuación da dos Lorenzo. Propiedade da familia Rial de Castrelo. Desfixose hai cincuenta anos e só se aprecian os restos do embarcadorio.

## 8-TELLEIRA DE GONZÁLEZ


Estaba no Bico da Ran no lugar ocupado hoxe por unha planta de acuicultura. Desfixose en 1985. O forno tiña cuberta en cúpula e estaba unido por un tiro subterráneo de 60 m de lonxitude a unha cheminea. Tiña dous embarcadorios.




Telleira de González. Imaxe de 1982.



Plano xeral das instalacións



1984




## 9-TELLEIRA DOS MOLEDO


Está no interior do recinto da fábrica de ladrillos. Foi construída hai uns 95 anos polos Moledo, unha familia procedente de A Guarda. Deixou de traballar en 1960 ao instalarse a fábrica. Conserva o forno rematado nunha cheminea.




1984



alzado leste



alzado sur



planta

1984



2008

## 10-TELLEIRA DOS CHIÓNS

Estaba tamén no Couto de Abaixo, no espazo que ocupou a fábrica, e desfixose ao construíla.

## 11-TELLEIRA DOS CALIXTOS

Hoxe desaparecida. Estaba tamén no Couto de Abaixo, no recinto da actual fábrica.

## 12-TELLEIRA DO FONTEIRO

Estaba no Couto de Abaixo, no lugar do Fonteiro. Era propiedade dos de Paquito, do Couto.

## 13-TELLEIRA DO FRANCÓN


No Couto de Abaixo, no linde con Dena, no lugar do Francón. Deixou de traballar arredor de 1960.

## 14-O TILLEIRO ou TELLEIRO

Estaba alonxada do mar, no Couto de Abaixo. Xa no ano 1982 as persoas máis vellas só recordaban os pozos abandoNados.



Imaxe antiga dun grupo de traballadores das telleiras no Couto de Abaixo. Detrás á dereita a telleira dos Chións e á esquerda a cheminea da telleira dos Moledo.



Vista das tres telleiras do Facho en 1882.

# TELLEIRAS DE MEAÑO

Hai referencias de unha en Coirón e tres nos Seixiños. Actualmente consérvase o forno de unha e a cheminea de outra nos Seixiños (Dena).

## TELLEIRA DE FANDIÑO

Situada en Coirón (Dena). Era de tellado móbil. Propiedade dos González de Castrelo. Comezou a súa actividade a comezos do século XX e deixou de traballar arredor de 1940.

## TELLEIRA DE HORACIO VARELA

En Seixiños (Dena), propiedade dun fillo de Angel Varela Noya. Era de tellado móbil. Comezou a traballar arredor de 1950 e parou aos poucos anos.

## TELLEIRA DE VILLAVERDE

En Seixiños (Dena). Tiña o forno con cuberta de cúpula coa cheminea alonxada. Traballou desde 1940 ata 1959 aproximadamente. Consérvase a cheminea a carón do mar.

## TELLEIRA DE NOIA

No lugar de Seixiños (Dena), na beira do mar. Comezou a traballar na segunda metade do século XIX. Foi de Pedro Velón, de Vilalonga e, desde 1920, de Angel Varela Noya. Na actualidade é propiedade de Juan Noya. Tiña o forno cuberto cunha cheminea e pallete semicircular. Agora só conserva o forno e a cheminea, restaurados polo concello. Deixou de traballar en 1989. Foi a derradeira telleira activa do Salnés.



Vista actual da Telleira de Noia. Ao fondo a cheminea da telleira de Villaverde. Desde Dena hai un paseo ata a telleira con paneis informativos.



Telleira de Noia en 1992.


1995



1987



Telleira de Noia cocendo en 1987.



1992



1994



2008

# TELLEIRAS DE SANXENXO


Hai referencias de unha na Rasa, catro na Arnosa, dúas na Fianteira, dúas en Sixtos e unha en Cachadelos. Consérvanse restos dos fornos na Arnosa, e Sixtos e numerosos embarcadoiros e muros que rodean a costa. É probable que houbese moitas máis que foron desaparecendo ao írense construíndo as fábricas.

## TELLEIRA DE BLANCO

Situada no lugar de Sixtos (Vilalonga), entre os concellos de Meaño e Sanxenxo, á beira do esteiro do río da Chanca. Ao seu carón, nas instalacións dunha antiga industria cerámica o concello de Sanxenxo construíu o Centro de Interpretación "A Telleira"



1995



2002

Centro de interpretación "A Telleira". Á esquerda, entre o mato, a telleira de Sixtos.



2008

## TELLEIRA DE CASAL

Situada na illa da Arnosa en Vilalonga. Actualmente só conserva parte das paredes do forno.



1990.



2008

# TELLEIRAS DE O GROVE

Hai referencias de unha en Ardia e dúas na Toxa, na punta chamada Praia dos Fornos, mirando ao sur. Algunhas testemuñas contan que tiñan chemineas e foron abandonadas hai máis de 90 anos.

## TELLEIRA DE ARDIA

Stuada no lugar chamado O Tilleiro, á beira do mar. Foi abandonada hai máis de oitenta anos e o fillo do propietario instalou unha en Castrelo (a de Martínez, no Facho). Na actualidade conserva restos do forno e das casetas.



1982



1992




2008

# OUTRAS TELLEIRAS PRÓXIMAS

## TELLEIRAS DE CATOIRA

Consérvanse os fornos de tres telleiras na beira do Ulla, no remate do paseo fluvial que parte das Torres do Oeste cara ao norte.



## ÍNDICE

Presentación	3
A Arxila (o barro)	4
AS TELLEIRAS	8
O TRABALLO	
Extracción do barro	14
O Traballo na telleira	15
Preparación do barro	16
Elaboración de tella á man	17
Elaboración de tella con máquina	19
Elaboración de ladrillos e baldosas	21
O traballo no forno	22
Todas as pezas son diferentes	24
A VIDA NA TELLEIRA	25
PROCESOS INDUSTRIAIS	26
AS TELLEIRAS DO SALNÉ	
As telleiras de Castrelo-Cambados	28
As telleiras de Meaño	36
As telleiras de Sanxenxo	38
As telleiras de O Grove	39
Outras telleiras próximas	39

## BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN:

- Daporta Padín, Mon; Leiro Lois, Adela; e Otero Otero, Saúl: "As telleiras (Cabaqueiros)". Ed. Ir Indo. Vigo, 1993.
- Vázquez Pintor, Xosé: "A tribo sabe". Ed. Xerais, Vigo, 1999.
- Pereira González, Dionisio: "Imaxes da fatiga", Ed. A Nosa Terra, Vigo, 1999

### TRABALLOS ESCOLARES SEN PUBLICAR:

- "As telleiras da parroquia de Castrelo", 1984. Adela Leiro Lois e os alumnos/as de 8º de EXB: Cristina Lorenzo Gondar, Mª Carmen Gondar Muñiz, Mª Mar Padín González, Mª del Pino Morales Blanco, Isabel Meis Morante, Santiago Alfonso Gondar, Armando Morales Blanco e José Luís Fernández Meis. Premiado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.
- "Telleiras e telleiros do concello de Meaño", 1992: Angel, Juan Manuel e Rubén Marcos Álvarez Serto. Primeiro Premio no Concurso Literario do Concello de Meaño.

Os alumnos e alumnas do Instituto Asorey fixeron tellas con Ramón Lorenzo e Daniel González en setembro do 2000.



# O BARRO E AS TELLEIRAS



*Asorey*  
I.E.S.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. Maio 2008